

Anuncio

O Pleno do Concello do Páramo, en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de xuño de 2020, acordó a “Aprobación do convenio de cooperación co Concello de Portomarín para a utilización do Punto Limpo polos veciños do municipio do Páramo”, faise público para o seu xeral coñecemento en cumprimento do disposto no artigo 11.3.a) da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

CONVENIO ENTRE OS CONCELLO DO PÁRAMO E DE PORTOMARÍN PARA A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO DE PORTOMARÍN

“En Portomarín, a de 2020—Reunidos, dunha parte, Don Juan Carlos Serrano López, alcalde-presidente do Concello de Portomarín, e, doutra Don José Luis López López, alcalde-presidente do Concello de O páramo.

ANTECEDENTES

Primeiro.—Que consideran prioritario nos seus obxectivos que os seus Concellos presten aos seus veciños os maiores e mellores servizos posibles, en todas as materias da vida social en xeral e, en particular, naquilo relacionado co coidado do medio ambiente, a reciclaxe e a valorización dos residuos urbanos.

Segundo.—Que recoñecen que a proximidade dos seus municipios facilita o acceso dos veciños ás instalacións do Punto Limpo de Portomarín.

Terceiro.—Que consideran vantaxoso para ambos os Concellos e os seus veciños o uso das instalacións do Punto Limpo de Portomarín, baseado no principio de promover a educación ambiental e o coidado dunha contorna natural privilexiada que comparten ambos os municipios, facilitando o acceso responsable á reciclaxe e a valorización dos residuos urbanos.

Cuarto.—Que a firma dun convenio de cooperación interadministrativa, para a prestación en común de servizos obrigatorios, cumpre cos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, mellorando a eficiencia da xestión pública, sendo acorde ao establecido no artigo 57 da Lei 7/1985, Reguladora de Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

ACUERDAN

Primeiro.—Os veciños do Páramo terán libre acceso ao Punto Limpo de Portomarín a fin de poder depositar de forma seleccionada aqueles residuos urbanos coa devandita consideración a fin de que se poida proceder á reciclaxe e valorización dos mesmos.

Segundo.—As condicións, normas de utilización e horarios aplicables aos veciños do Páramo no Punto Limpo de Portomarín serán os mesmos que veñen aplicando aos propios veciños de Portomarín. No relativo ás taxas municipais pola súa utilización comprométese o Concello de Portomarín a modificar a ordenanza municipal reguladora para que na mesma quede reflectida dita igualdade.

Terceiro.—O período de vixencia deste convenio é de dous anos dende a súa aprobación polos órganos competentes de ámbolos municipios, prorrogándose tácitamente por períodos anuais se non mediase denuncia previa no prazo dos trinta días anteriores á data do seu termo ata outro máximo de dous anos.

Cuarto.—O Concello do Páramo comprométese a abonar o importe de 2.000,00 euros anuais a partir do exercicio orzamentario de 2021, debendo abonar en 2020 a porcentaxe correspondente tendo en conta a entrada en vigor do Convenio. A cantidade anual de 2.000,00 euros correspóndese cunha metade dos custos do servizo de Punto Limpo que presenta o Concello de Portomarín e que se presenta como anexo.

Dita cantidade será actualizada, anualmente, de acordo coa evolución do IPC.

Quinto.—O Concello do Páramo realizará o abono mediante transferencia bancaria durante o mes de xuño. Se unha vez finalizado o exercicio e practicada a súa liquidación, resultase que o importe do custo do servizo fose inferior aos fondos recibidos, o Concello de Portomarín reintegrará ao Concello do Páramo o exceso que corresponda no prazo máximo dun mes desde a aprobación da liquidación. Ao contrario, se unha vez finalizado o exercicio e practicada a súa liquidación, resultase que o importe do custo do servizo fose superior aos fondos recibidos, o Concello do Páramo transferirá ao Concello de Portomarín a cantidade que corresponda no mesmo prazo dun mes.

Sexto.—A validez e eficacia do presente Convenio queda condicionada á súa aprobación por parte do Pleno das dúas Corporacións.

En proba de conformidade co seu contido é asinado por ambas as partes, por duplicado exemplar, en lugar e data “ ut- supra”.—“

Contra o presente acordo, que agota a vía administrativa, podrán interpoñer os interesados recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Todo elo sen perxuízo de que poida interpoñer calquer outro que estime convinte.

O Páramo, 26 de xuño de 2020.- O Alcalde, José Luis López López.